BASES DA CONVOCATORIA DO 1º MARATÓN DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DO CITEEC: *"IMPULSA"* (2026)

1. OBXECTO DO PROGRAMA

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) convoca a 1ª edición do Maratón de Innovación e Transferencia do CITEEC, denominado *IMPULSA*, actividade destinada a promover a xeración, polo persoal adscrito ao centro, de solucións ou respostas innovadoras a retos reais da sociedade, previamente propostos por empresas ou por entidades públicas.

O obxectivo desta iniciativa é impulsar entre o persoal adscrito ao centro o desenvolvemento de actividades de valorización do coñecemento e de transferencia tecnolóxica, cara á súa futura concreción en diferentes formas, entre elas:

- contratos para a realización de traballos de carácter científico-técnico (contratos art. 60 LOSU),
- sinatura de rexistros de propiedade intelectual (patentes, rexistros de software, modelos de utilidade, etc.),
- xurdimento de Empresas Baseadas no Coñecemento (EBC) ou *spin-offs*,
- captación de talento investigador-innovador financiado (contratos Torres Quevedo, Doutoramentos Industriais).

2. REQUISITOS PARA A INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN EN *IMPULSA*

Poderá inscribirse en *IMPULSA* todo o persoal investigador ou persoal técnico adscrito ao CITEEC. As persoas participantes deberán estar correctamente adscritas e afiliadas ao centro nas datas de inscrición e de celebración do evento.

A participación é gratuíta.

A participación desenvolverase en equipos, formados cada un deles por un máximo de 5 persoas e un mínimo de 3. O número orientativo de persoas participantes en

Centros de investigación colaborativos (na senda da excelencia) do Sistema Universitario de Galicia

Subvencionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e cofinanciado pola UE PO FEDER Galicia 2021-2027. "Unha Europa máis intelixente: transformación económica innovadora e intelixente"

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	1/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

IMPULSA será como máximo de 40. Este número, non obstante, poderá ser flexibilizado en función do número de equipos e da súa composición.

Na composición dos equipos participantes promoverase, na medida do posible, a transversalidade, tanto horizontal (presenza nos equipos de persoas pertencentes a distintos grupos de investigación) como vertical (equipos integrados por persoal de distintas categorías ou en distintas fases da súa carreira investigadora: persoal investigador consolidado ou permanente, persoal investigador posdoutoral, persoal investigador predoutoral, persoal técnico, etc.).

Para participar en *IMPULSA* será necesario inscribirse durante o período habilitado ao efecto, desde a publicación destas bases ata o 20 de xullo de 2026 ás 23:59 (hora española peninsular).

A solicitude de inscrición será persoal. Utilizarase un formulario específico habilitado para esta iniciativa, cuxo envío implicará a aceptación de estas bases por parte de cada participante. Para facilitar a organización de *IMPULSA*, cada persoa deberá indicar, de forma priorizada, a lista de retos que son do seu interese.

A formación dos equipos poderá realizarse segundo dúas modalidades:

a) Durante o proceso de inscrición individual (sendo esta a opción preferente). Para elo, cada persoa do equipo, previamente acordado, deberá cubrir o correspondente apartado do formulario de inscrición, indicando o nome do seu equipo e o dos demais compañeiros/as que integran dito equipo.

b) Tras o proceso de inscrición individual. As persoas que se inscribisen sen indicar a súa pertenza a un equipo poderán agruparse *a posteriori* durante o período que se habilite ao efecto, e sempre antes de que de comezo o evento *IMPULSA*.

A organización publicará unha listaxe indicando as persoas que presentasen a súa solicitude, a preferencia ordenada dos seus retos e, no seu caso, o equipo ao que pertencen. Tras a publicación da listaxe abrirase un prazo para que as persoas non agrupadas en equipos poidan facelo. Se transcorrido este prazo aínda quedan persoas non agrupadas en equipos, a organización decidirá de que forma se agrupan en función dos retos polos que manifestaran maior interese.

Antes do 7 de setembro, a organización publicará a lista final das persoas inscritas e o equipo ao que pertencen. Esta lista enviarase aos participantes por correo electrónico, e cada un deles deberá responder confirmando a súa participación durante as 48 horas seguintes (pertencentes a días hábiles).

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	2/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

3. DESENVOLVEMENTO PRÁCTICO DE *IMPULSA*

IMPULSA terá lugar os días 15, 16 e 18 de setembro de 2026 en instalacións do Campus de Elviña, da Universidade da Coruña (localización exacta por concretar).

O evento desenvolverase mediante o plan de actividades que se indica a continuación, de tres días de duración.

3.1. Primeiro día (15 de setembro): Xornada de lanzamento e presentación dos retos

- Inauguración.
- Repaso das bases.
- Presentación dos retos por parte das empresas e entidades.
- Presentación dos equipos.
- Diálogo entre participantes e empresas ou entidades retadoras para a resolución de dúbidas previas sobre os retos.
- "Píldoras" formativas sobre aspectos clave para a maduración de ideas e proxectos (a cargo de persoal de FEUGA):
  - *Da idea ao mercado: aspectos iniciais para a validación da solución e orientación ao usuario.*
  - *Investor Deck: coñecer como preparar un "pitch" e a creación de materiais para maximizar o interese.*

Duración total aproximada: 3 horas.

3.2. Segundo día (16 de setembro): Xornada de creación e desenvolvemento de ideas e solucións

- Sesión de xeración de ideas polos equipos.
- Traballo intensivo na definición e desenvolvemento das ideas e solucións coa presenza das empresas ou entidades retadoras.
- "Píldora" formativa sobre aspectos clave para a maduración de ideas e proxectos (a cargo de persoal de FEUGA):

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	3/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

- *Desenvolvemento do modelo de negocio: identificación da proposta de valor, segmento de clientes e conceptos básicos de protección de resultados.*

Durante esta xornada, cada equipo deberá asegurarse de que en todo momento haxa polo menos un integrante do mesmo presente no lugar de celebración do evento, traballando na definición e desenvolvemento das ideas e solucións.

Cada equipo deberá proveerse, polos seus propios medios, dos ordenadores portátiles que considere necesario para o desenvolvemento deste traballo.

Pola súa parte, o CITEEC porá a disposición dos participantes bebidas e *catering* durante a celebración desta xornada.

Duración total aproximada: 7 horas.

3.3. Terceiro día (18 de setembro): Cerimonia final

- Presentación polos equipos participantes das ideas ou solucións propostas en formato "pitch", na Sala de Visualización do CITEEC (máximo de 7 minutos por equipo, máis 5 minutos para resolución de preguntas).
- Deliberación do xurado.
- Acto de entrega de premios directos (véxase artigo 4.1) aos equipos gañadores.

Duración total aproximada: 2.5 horas.

4. PREMIOS

A contía económica dos premios será aportada integramente polo CITEEC.

Establécense dúas modalidades de premios, segundo se define posteriormente neste mesmo artigo.

As dúas modalidades de premios son independentes entre si, de forma que os equipos premiados poderían, ou non, ser coincidentes en ambas modalidades.

A selección dos equipos gañadores será independente do número de retos presentados, de forma que algún reto podería quedar deserto, ben por non ter sido abordado por ningún equipo participante ou por non terse alcanzado unha idea ou solución cun potencial suficientemente alto para o seu recoñecemento polo xurado.

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	4/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

4.1. Premios directos

Os premios directos estarán baseados na valoración, polo xurado, da presentación en formato "pitch" da idea ou solución proposta, a realizar no terceiro día de *IMPULSA*.

A avaliación das ideas ou solución propostas polos equipos basearase, entre outros posibles criterios, en:

- Equipo e capacidades:
  - Experiencia previa relevante (investigación, emprendemento).
  - Complementariedades dos perfís dentro do equipo.
  - Capacidade técnica para desenvolver a idea.
- Definición do problema e da solución:
  - Grao de definición da solución proposta.
  - Axuste problema-solución.
- Viabilidade técnica:
  - Factibilidade de desenvolvemento coa tecnoloxía actual.
  - Principais retos técnicos identificados e enfoque para abordalos.
  - Necesidades de recursos técnicos e económicos, e valoración de se son asumibles.
- Innovación e valor engadido:
  - Elementos innovadores da proposta.
  - Diferenciación respecto a solucións existentes.
  - Utilidade práctica e potencial impacto.
- Modelo de negocio:
  - Proposta de valor ben definida.
  - Posibles aplicacións ou casos de uso.
  - Como podería xerarse valor?

Nesta modalidade de premios, o xurado seleccionará un máximo de 3 equipos gañadores.

Cada equipo gañador recibirá un premio económico de 1500 euros, que se repartirá individualmente entre o número de integrantes do equipo (de forma que os premios por persoa superiores a 300 euros quedarán afectados pola correspondente retención de IRPF).

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	5/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

No caso de que o número de equipos gañadores fose inferior ao máximo previsto, a parte da dotación económica prevista para os premios directos que quedase remanente poderase destinar a reforzar a etapa de apoio ao desenvolvemento das ideas ou solucións gañadoras (véxase artigo 4.2).

4.2. Premios de apoio ao desenvolvemento de ideas ou solucións

A segunda modalidade de premios consiste no apoio económico que o CITEEC investirá no asesoramento e desenvolvemento daquelas accións de valorización do coñecemento e de transferencia tecnolóxica que resulten máis adecuadas á natureza e nivel de maduración de cada unha das ideas ou solucións.

A determinación dos equipos que resulten premiados con este apoio económico realizarase nos días seguintes á finalización do evento, previa valoración conxunta e consensuada das diversas partes representadas na composición do xurado (véxase artigo 5), e tendo en conta especialmente o interese das empresas ou entidades retadoras no desenvolvemento da idea ou solución.

Na selección das ideas ou solución que disporán deste tipo de apoio terase en conta así mesmo a dotación orzamentaria dispoñible para estas accións.

Por outra parte, a participación como empresa "retadora" contará co apoio do CITEEC na identificación, definición e maduración de retos con potencial para transformarse en proxectos de I+D+i colaborativa. Este acompañamento permitirá orientar as propostas cara a convocatorias competitivas de captación de talento e innovación, facilitando o contacto con grupos de investigación especializados e reforzando a calidade técnica das futuras candidaturas.

Así mesmo, o CITEEC poderá prestar apoio na preparación de solicitudes a programas como os Doutoramentos Industriais da AEI e da Xunta de Galicia, que financian contratos predoutorais en colaboración empresa–centro de investigación; e as axudas Torres Quevedo, orientadas á contratación de doutores/as en empresas para impulsar a transferencia de coñecemento. Este soporte contribuirá a incrementar as opcións de éxito das empresas participantes na captación de financiamento e talento altamente cualificado.

5. COMPOSICIÓN DO XURADO

A composición do xurado estará formada por representantes das empresas ou entidades propoñentes dos retos e por outras persoas relevantes do ámbito da transferencia de coñecemento e tecnoloxía.

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	6/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

A composición definitiva do xurado anunciarase durante a celebración do evento.

6. COMPROMISOS DE CONFIDENCIALIDADE EN RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DO EVENTO

Todas as partes participantes ou involucradas no desenvolvemento de *IMPULSA* (empresas ou entidades retadoras, membros dos equipos, integrantes do xurado, asesores ou colaboradores, etc.) comprométense a manter a confidencialidade e a non difundir publicamente ningunha información relativa aos retos propostos por calquera das empresas ou entidades, ás ideas ou solucións presentadas polos equipos participantes, nin ás consideracións ou opinións manifestadas nas deliberacións do xurado.

A difusión ou divulgación pola organización de información relativa aos retos propostos por calquera empresa ou entidade participante só poderá levarse a cabo baixo consentimento explícito da mesma, mentres que para a difusión ou divulgación de informacións relativas a calquera das ideas ou solucións presentadas será necesario o consentimento explícito tanto do equipo que a desenvolvese como da empresa ou entidade que propuxese o correspondente reto.

No caso de que as empresas retadoras así o requiran, poderá formalizarse un acordo de confidencialidade (*Non-Disclosure Agreement*, NDA) entre as partes implicadas, co fin de garantir a protección da información sensible intercambiada no marco do programa.

7. FINANCIAMENTO DO MARATÓN DE TRANSFERENCIA CITEEC

Esta actividade está subvencionada a través do financiamento recibido da Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS).

8. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES E BENEFICIARIAS

A participación en *IMPULSA* supón o coñecemento e aceptación das bases, así como a renuncia a calquera reclamación derivada da súa interpretación.

Ao formalizar a súa inscrición en *IMPULSA*, todos os participantes confirman que coñecen e aceptan plenamente as bases que o regulan, expresadas neste documento.

Subvencionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e cofinanciado pola UE PO FEDER Galicia 2021-2027. "Unha Europa máis intelixente: transformación económica innovadora e intelixente"

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	7/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

Os participantes en *IMPULSA* asumirán persoalmente as posibles responsabilidades do incumprimento das obrigas e compromisos incluídos nestas bases, particularmente no relativo ás cláusulas de confidencialidade e á propiedade intelectual e dereitos de explotación de resultados.

As persoas beneficiarias dos premios directos e/ou do apoio ao desenvolvemento das ideas ou solucións gañadoras estarán obrigadas a dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa a este feito en todas as publicacións, presentacións, relatorios, etc. que se leven a cabo, incluíndo o seguinte texto:

> *"This work is part of the innovation project "project title", funded by the Research and Innovation Centre on Building and Civil Enginnering (CITEEC) through the Transfer Marathon CITEEC 2026."*
>
> *"CITEEC has been recognised as a collaborative centre in the call for research centres of the Galician University System, co-funded by the European Union (Ref. ED431G2023/10)".*

9. CLÁUSULAS SOBRE PROTECCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DE I+D+i DERIVADOS DE *IMPULSA*

9.1. Obxecto

O presente artigo ten por obxecto regular o réxime xurídico aplicable á titularidade, protección, uso, explotación e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) obtidos no marco da actividade *IMPULSA*, orientada á resolución de retos tecnolóxicos, científicos, ou de innovación propostos por empresas ou entidades públicas, e desenvolvidos por equipos de persoal investigador e/ou persoal técnico adscrito ao CITEEC.

9.2. Definicións

A efectos do presente artigo, entenderase por:

a) **"Reto"**: Necesidade, problema técnico, oportunidade de innovación ou desafío exposto por unha empresa ou entidade participante cuxa resolución requira actividades de investigación, desenvolvemento experimental, validación tecnolóxica ou innovación.

b) **"Resultados"**: Calquera dos coñecementos, técnicas, procedementos, métodos, modelos, prototipos, deseños, software, bases de datos, materiais,

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	8/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

invencións, obras susceptibles de protección ou demais activos tanxibles ou intanxibles, incluíndo, a título enunciativo e non limitativo, os anteriores, obtidos como consecuencia directa ou indirecta das actividades desenvolvidas no marco do Maratón de Transferencia CITEEC.

c) **"Coñecementos previos"** ou **"Background"**: Toda información, tecnoloxía, dereitos de propiedade industrial ou intelectual, software, know-how ou materiais preexistentes titularidade de calquera das partes con anterioridade ao comezo de *IMPULSA*.

d) **"Coñecementos xerados"** ou **"Foreground"**: Os resultados obtidos durante a execución do proxecto de resolución do reto.

9.3. Titularidade dos resultados

9.3.1. Titularidade xeral

Os resultados xerados polo persoal da Universidade da Coruña no desenvolvemento da súa idea ou solución innovadora serán titularidade da Universidade, sen prexuízo dos dereitos que legalmente correspondan aos autores ou inventores conforme á normativa aplicable en materia de propiedade intelectual e industrial e á normativa interna universitaria.

9.3.2. Co-titularidade

Cando os resultados fosen obtidos mediante contribucións intelectuais, técnicas ou económicas substanciais e demostrables das empresas ou entidades retadoras, Universidade e empresa poderán acordar un réxime de co-titularidade proporcional ás súas respectivas achegas.

A co-titularidade deberá formalizarse mediante acordo específico que regule, polo menos:

- porcentaxes de participación;
- procedementos de protección;
- distribución de custos;
- mecanismos de explotación;
- réxime de licenzas;
- repartición de ingresos;
- defensa xurídica dos dereitos.

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	9/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

9.3.3. Coñecementos previos

A participación nos proxectos de desenvolvemento das ideas ou solucións propostas non implicará cesión algunha dos dereitos sobre coñecementos previos achegados por calquera das partes, salvo pacto expreso e por escrito.

9.4. Protección dos resultados

9.4.1. Obrigación de comunicación

O persoal investigador deberá comunicar á Universidade, a través dos procedementos internos establecidos, calquera resultado susceptible de protección mediante dereitos de propiedade industrial ou intelectual.

9.4.2. Decisión sobre protección

A Universidade, a través da súa Oficina de Transferencia de Coñecemento, avaliará a oportunidade e conveniencia de protexer os resultados mediante patente, modelo de utilidade, deseño industrial, dereitos de autor, secreto empresarial ou outras modalidades xurídicas de protección.

9.4.3. Colaboración das partes

O persoal investigador e, de ser o caso, a empresa, colaborarán adecuadamente nos trámites necesarios para a protección dos resultados, incluíndo a firma de documentos e a subministración de información técnica requirida.

9.4.4. Confidencialidade previa á protección

Todas as partes participantes nos proxectos de desenvolvemento das ideas ou solucións propostas comprométense a non divulgar publicamente información relativa a resultados potencialmente protexibles antes de que sexan adoptadas as medidas oportunas de protección xurídica.

9.5. Dereitos de explotación

9.5.1. Dereito preferente de explotación a favor da empresa

A empresa retadora disporá dun dereito preferente ou de opción para negociar a licenza de explotación dos respectivos resultados durante un prazo determinado, desde a súa comunicación formal.

Transcorrido devandito prazo sen acordo, a Universidade poderá negociar libremente con terceiros.

A concesión de licenzas estará suxeita, entre outros, aos seguintes criterios:

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	10/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

- contribución técnica e económica da empresa;
- interese estratéxico e social da tecnoloxía;
- potencial de valorización;
- respecto á normativa sobre axudas de Estado e competencia;
- retorno adecuado para a Universidade.

9.5.2. Condicións económicas

As condicións económicas de explotación poderán incluír:

- pagos iniciais;
- canons fixos ou variables;
- royalties sobre vendas ou explotación;
- fitos de desenvolvemento;
- participación en resultados;
- compensacións por sublicenzas.

9.6. Publicacións e difusión científica

9.6.1. Principio xeral

A Universidade e o persoal investigador conservarán o dereito de publicar e difundir os resultados obtidos de conformidade cos principios de liberdade académica e científica, mais coas restricións indicadas nos apartados 9.6.2 e 9.6.3.

9.6.2. Revisión previa

A empresa poderá revisar previamente as publicacións ou comunicacións relacionadas coa idea ou solución innovadora exclusivamente co fin de:

- protexer información confidencial;
- identificar resultados susceptibles de protección industrial;
- solicitar aprazamentos razoables para a presentación de solicitudes de protección.

O prazo de revisión non deberá exceder de trinta (30) días naturais, salvo acordo distinto.

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	11/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

9.6.3. Aprazamento de publicacións

Cando resulte necesario para asegurar a adecuada protección dos resultados, as partes poderán acordar o aprazamento temporal de publicacións por un período razoable.

9.7. Confidencialidade

As partes comprométense a manter confidencial toda información técnica, científica, económica ou estratéxica intercambiada durante os proxectos de desenvolvemento das ideas ou solucións propostas e cualificada como confidencial.

A obrigación de confidencialidade permanecerá vixente durante o prazo que se estableza contractualmente e, en defecto de pacto, durante cinco (5) anos desde a finalización do proxecto.

Quedará excluída desta obrigación a información que:

- fose de dominio público;
- xa estivese lexitimamente en posesión da parte receptora;
- deba divulgarse por obrigación legal ou xudicial;
- fose desenvolvida independentemente.

9.8. Participación do persoal da Universidade da Coruña

Poderán establecerse mecanismos de participación do persoal nos ingresos derivados da explotación dos resultados, sempre de acordo coa normativa interna da Universidade.

9.9. Creación de empresas baseadas en coñecemento

Cando os resultados obtidos presenten potencial de transferencia empresarial, a Universidade, a través da súa Oficina de Transferencia do Coñecemento, poderá promover ou autorizar a creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-offs universitarias, conforme a súa normativa interna e á lexislación aplicable.

9.10. Cumprimento normativo

As partes actuarán de conformidade con:

- a Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario;
- a Lei 17/2022, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación;

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	12/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

- a Lei 24/2015, de Patentes;
- o Real Decreto Lexislativo 1/1996, polo que se aproba a Lei de Propiedade Intelectual;
- a normativa europea aplicable;
- as políticas internas de transferencia e valorización de resultados da Universidade. En particular, deberá atenderse aos seguintes regulamentos e protocolos:
  - Regulamento de propiedade industrial e propiedade intelectual da UDC: https://www.udc.gal/export/sites/udc/otc/_galeria_down/Regulamento_de_propiedade_industrial_e_propiedade_intelectual.120831.pdf_2063069294.pdf
  - Protocolo de actuación de protección de resultados de investigación: https://www.udc.gal/export/sites/udc/otc/_galeria_down/Protocolo-de-actuacion-de-proteccion-de-resultados-de-investigacion.pdf_2063069294.pdf

9.11. Resolución de controversias

As controversias relativas á interpretación ou execución do presente réxime resolveranse preferentemente mediante negociación entre as partes.

En defecto de acordo, as partes poderán someter a controversia a mediación, arbitraxe ou á xurisdición competente que se determine contractualmente.

9.12. Formalización contractual específica

As previsións contidas neste artigo deberán desenvolverse e concretarse mediante os correspondentes convenios, contratos de I+D+i, acordos de consorcio, contratos de licenza ou outros instrumentos xurídicos aplicables a cada proxecto de desenvolvemento dunha idea ou solución proposta.

Fernando Martínez Abella	**Juan Ramón Rabuñal Dopico**	**Belén González Fonteboa**
Director CITEEC	*Subdirector CITEEC*	*Secretaria CITEEC*

Código Seguro De Verificación	Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Fernando Martínez Abella	Asinado	10/08/2026 11:11:35
	Secretaria do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - María Belén González Fonteboa	Asinado	05/08/2026 09:30:01
	Subdirector do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) - Juan Ramón Rabuñal Dopico	Asinado	04/08/2026 13:52:55
Observacións		Páxina	13/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Ktz9n8sGW19nj2IaJ7UgPg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		